



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio
e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE MONDOŊEDO PARA O FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTÓRICO (PEPRICH)”

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes.

O Concello de Mondoñedo, mediante escrito do 31 de xaneiro de 2020 solicitou unha axuda de financiamento para o documento de revisión do seu Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico (PEPRICH).

A solicitude fundaméntase na situación derivada da aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, cuxa disposición transitoria quinta (na redacción dada polo artigo 41 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) limita ata o 31 de decembro de 2023 o prazo no que os concellos que contén cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da anterior lei de Patrimonio (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia) poderán seguir a exercer as súas competencias no ámbito do dito plan. Nese caso atópase o PEPRICH de Mondoñedo, que fora aprobado definitivamente o 24 de marzo de 1994.

A partir do vencemento do prazo sinalado, en cumprimento do artigo 58 da Lei 5/2016, o concello deberá someter todas as actuacións no ámbito do plan especial á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, situación que terá como consecuencia previsible unha xestión máis ineficiente e longa de calquera obra de rehabilitación ou mellora do ámbito histórico.

Por outra banda, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda financiou ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2010, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio
e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



durante o ano 2010, unha serie de plans especiais de protección e ordenación de zonas históricas. O Concello de Mondoñedo non foi incluído nas axudas por contar nese momento cun plan especial vixente e sen prazo límite de vixencia.

Acredítase deste xeito que se trata dunha circunstancia moi singular e sobrevida, que xustifica a tramitación deste convenio, para que o concello afectado poida contar cun instrumento de planeamento adaptado á normativa vixente que lle permita seguir exercendo as competencias sinaladas no artigo 58 da Lei 5/2016.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

4.- Obxecto

O obxecto do Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mondoñedo para a redacción da **Revisión do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH)**, cun orzamento total de **trescentos sete mil setecentos oitenta e un euros con vinte e cinco céntimos (307.781,25 €)**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción da **“Revisión do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico (PEPRICH)”** co obxecto de que o concello de Mondoñedo dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

